

ONE HAND DON'T CLAP
(UNHA MAN SOA NON APLAUDE)

Kavery Dutta Kaul, 1988

1615

ESTREA EN NUMAX: 17.10.2025 | V.O.S.E. | +7 | 92 min

Rodada en 1986, durante o Carnaval de Trindade e Tobago, o documental acompaña a Lord Kitchener, gran mestre do calipso, e á irreverente Calypso Rose, pioneira do xénero nun ámbito dominado por homes, na súa viaxe desde os estudos de gravación de Nova York ata as vibrantes rúas de Porto España, rumbo ao concurso do Monarca Calipso do Ano.

«Un vibrante documento que se move e treme ao ritmo dunha música inimitable»
Amelia Gentleman, THE GUARDIAN



ONE HAND DON'T CLAP (UNHA MAN SOA NON APLAUDE)

Kavery Dutta Kaul, 1988

EUROPA
CINEMA
Creative Europe MEDIA

Entrevista con Kavery Dutta Kaul:
«É moi alentador que se aprecie a rica
importancia cultural dunha película como esta»

De que trata a película? É un documental sobre a música calipso e o nacemento do soca a través dos ollos de Lord Kitchener e Calypso Rose. Eles cativan ao público e lévano desde os estudos de gravación de Nova York ata o Entroido de Trindade, e polo camiño coñecen a outras estrelas, tanto novas como veteranas. Para moita xente fóra do Caribe e a diáspora caribeña, é unha oportunidade para coñecer a Kitchener, o seu talento creativo e a súa arte sempre fresca que influíu na música popular de todo o mundo.

Cal foi a túa inspiración para facer unha película sobre quen se coñece como o Gran Mestre? Eu nacín na India, así que non é tan estraño que me atraese Trindade. E vivo en Nova York, así que non é tan estraño que me atraese a escena musical de Brooklyn. Aí foi onde vin a Kitch por primeira vez. Sorprendeume a súa potencia musical e a súa presenza no escenario. Era vitalista, cheo de enerxía. Quedei pampa cando empezou a bailar breakdance, con máis de 70 anos. Así que souben que tiña que facer esta película. E pasei moito tempo con Kitch, parolamos, rimos xuntos. Fun a moitas das súas actuacións en Brooklyn e en Trindade.

Que canción de Kitchener foi a que che fixo pensar: "Este home ten algo"? Hai moitísimas, pero a primeira que me vén á mente é "Pan in A Minor". Os ritmos, o compás, a enerxía, o seu dominio da música, o *steeldrum* e o que dicía a canción. Piden un cambio, e iso é o que vou facer. E el sempre estaba ao tanto de todo. Marcaba o camiño e nós simplemente seguíámolo. Eu seguino ata Trindade.

Que te levou a incluír tanto a Lord Kitchener como a Calypso Rose na mesma película? Son grandes figuras. Xa sabes que Rose foi a primeira muller en gañar un título, creo que en 1978, e houbo que cambiar o título de rei a monarca debido á súa vitoria. Tanto Rose como Kitchener son moi importantes para a historia da música calipso. E Rose contoume como Kitch a axudou cando empezou. Deulle consellos sobre a interpretación, todo iso está na película. É mérito de Rose lograr todo o que logrou e seguir en plena forma. E é mérito del axudar a Rose cando viu unha moza que se esforzaba tanto.

Hai plans de reestrear a película? Alégrame dicir que, tantos anos despois, *One Hand Don't Clap* estea a restaurarse. Como saberán, as películas, do mesmo xeito que as imaxes de hai décadas, necesitan ser restauradas ou corren o risco de perderse. E o que é moi alentador é que cada vez se aprecia máis a rica importancia cultural dunha película como esta. Por suposto, temos previsto reestrear a película en Trindade. Queremos que todos os que a viron antes teñan a oportunidade de volver vela. Quizá mesmo se vexan a si mesmos entre o público de hai anos. E para todos os que entón eran moi novos, ou quizá nin sequera tiñan nacido, é unha oportunidade para coñecer a Kitch agora, para renderlle homenaxe, a el, a Rose e ao resto de estrelas da película.

Publicado en atalantecinema.com